

Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Resolución do 23 de novembro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre, escala básica, categoría de policía, convocado pola orde do 31 de maio de 2024, pola que se publican as cualificacións definitivas do cuarto exercicio e se convoca á realización do quinto exercicio.

Na sesión deste Tribunal, validamente constituído, rematado o prazo de alegacións as cualificacións provisionais do cuarto exercicio deste proceso selectivo, informadas e contestadas todas as recibidas, o día 23 de novembro de 2024, ACORDA:

- Confirmar como listaxe definitiva de persoal apto no cuarto exercicio, a listaxe publicada como anexo a resolución deste tribunal de data 16 de novembro de 2024, publicada na páxina web da Agasp

https://agasp.xunta.gal/sites/w_agasp/files/anexocualificacionprovisionais4o_exercicio.pdf

- Publicar como anexo a esta Resolución a listaxe das persoas convocadas a realización do quinto (5º) exercicio deste proceso selectivo, correspondente ao recoñecemento médico xunto co día e hora de realización do mesmo seguindo un criterio alfabético (*comezando na letra H correspondente aos procesos selectivos do ano 2024*)

O persoal convocado debe acudir, portando o DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade e seguindo as indicacións que se publicaron na resolución do 21 de novembro de 2024 deste Tribunal

(https://agasp.xunta.gal/sites/w_agasp/files/resolucion_21de_novembro.pdf)

Este exercicio levarase a cabo na sede da Academia Galega de Seguridade Pública, no lugar habilitado a tal fin neste centro.



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Esta Resolución poderá ser obxecto de recurso de alzada nos termos previsto nos artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, do 15 de outubro do Procedemento Común das Administracións Públicas.

A Estrada, asinado dixitalmente

A presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

